

O artigo 4º do Acordo do Consello de Goberno polo que se aproba a normativa sobre regulación do título propio de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, de 21 de xuño de 2005 establece que os límites de prazas fixaranse a proposta do Instituto. O dito límite de prazas fíxose público no anexo 7 da r.r. do 1 de xullo de 2005 polo que se establece a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2005/2006. No dito anexo recóllese un límite de 60 prazas para os alumnos do plano vello que soliciten a adaptación ó plano novo, sendo estas prazas reservadas para os alumnos que remataran o título propio de *Diploma en Criminoloxía*. É por isto, que cómpre emendar o dito erro e establecer os criterios de prelación para a asignación das ditas prazas.

Aproveitase a ocasión para facer pública a regulación de algunhas cuestións que se atopan sen concretar para o período transitorio de coexistencia do título vello e dos novos estudos

Polo exposto, esta Reitoría **RESOLVE**:

Primeiro.- Modificar o anexo 7 da r.r. do 1 de xullo de 2005 pola que se establece a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2005/2006: onde di 60 prazas para os alumnos do plano vello que se adapten ó plano novo, debe dicir, 60 prazas para alumnos que obtiveran o título propio de *Diploma en Criminoloxía* nesta universidade.

Segundo.- Para a asignación das prazas establecidas ás que se refire a alínea primeira respectarase a orde de presentación das solicitudes de acordo cos seguintes prazos de matrícula:

a.- Do **1 ó 15 de outubro** para os alumnos que remataron os estudos conducentes o título propio de *Diploma en Criminoloxía* no curso 2004/2005.

b.- No caso de resultar prazas vacantes establecerase un prazo do **15 ó 30** de outubro para os titulados de anos anteriores.

Terceiro.- Os alumnos que inicien os estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública deberán matricularse da oferta establecida para o primeiro curso, nun máximo de 60 créditos.

Cuarto.- A matrícula dos alumnos que desexen rematar os estudos iniciados conducentes ó título de *Diploma en Criminoloxía* realizarase de xeito presencial no propio instituto.

Estes alumnos aboarán en concepto de prezos públicos por servizos docentes ó prezo establecido no Decreto anual da Xunta de Galicia para as materias con só dereito a exame (materias sen docencia). O resto dos prezos aboarase a contía prevista para todos os alumnos.

Os alumnos matriculados para a continuación de estudos no título de *Diploma en Criminoloxía* seralles tamén de aplicación a normativa xeral en materia de xestión académica, a salvo do disposto na súa normativa específica e, en concreto, ó disposto para o establecemento da Convocatoria Fin de Carreira.

Quinto.- Conforme o disposto na norma 7 do Acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005 polo que se establece a normativa sobre regulación do título propio de Graduado Superior en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, o recoñecemento de estudos do *Diploma en Criminoloxía*, finalizados ou non, adoptará a forma de adaptación e non devengará prezos.

O recoñecemento doutros estudos universitarios ou profesionais segundo o establecido na norma 6 do citado Acordo, consideraranse validacións e devengarán o prezo establecido para estas no decreto anual de prezos públicos e que, para o curso 2005/2006 será o 25% do prezo por crédito validado.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2005

O REITOR



Senen Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL – SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO – SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO – SR. DIRECTOR DO INSTITUTO DE CRIMINOLOXÍA – SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS – SR./A. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRES/SRAS XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR/A XESTOR ACADÉMICO DA FACULTADE DE DEREITO – OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.